MU

# Manual

## Libros Movemento Produtos

### ACIOS: Contabilidade Vitivinícola

Elaborado por Amtega

# Formulario para asentos de Movemento de produtos

A pantalla principal dos libros de rexistro mostra os libros dispoñibles e unha serie de funcionalidades que se detallan a continuación:




Os botóns marcados permiten distintas funcionalidades:

- 1- **Importar asentos:** abre unha ventá que permite importar os asentos contables dende o noso equipo.
- 2- **Lapis:** indica que se permite modificar o libro no que se encontra, ó facer click sobre él levaranos ó listado de asentos que contén.
- 3- **Descargar Plantilla:** inicia a descarga da plantilla que se empregará de base para importar os asentos de Movemento de produtos
- 4- **Manual de asentos:** inicia a descarga do manual de asentos de Movementos de producots (este manual).

# Asento de movemento de produtos

A pantalla de visualización dos asentos de movementos divídese en dúas partes, asentos de entrada e de saída. En cada vista teremos unha serie de filtros para facilitar a busca e botóns para distintas accións:




Os botóns e recadros marcados permiten as seguintes funcionalidades:

- 1- Filtros de asentos: permiten filtrar os asentos mostrados no listado de asentos segundo os parámetros indicados.
- 2- Limpar: limpa os valores escollidos con anterioridade nos filtros de asentos.
- 3- Buscar: fai o filtrado dos asentos en base ós filtros escollidos.
- 4- Engadir asento: levaranos a unha nova pantalla que permitirá engadir novos asentos.
- 5- Accións: despregable coas accións que se poderán realizar, como crear asentos asociados, ir a asentos de orixe ou ver o detalle do asento e editalo.

Na lista de asentos a primeira celda indica se o asento está completo ( ), incompleto editable ( ) ou completo non editable ( )

A seguinte imaxe mostra o formulario que se abre ó empregar o botón de engadir asento (4) e que nos permite engadir novos asentos de movementos:

Para os asentos de entrada os campos serán:




Se en proceso escollemos “Mosto concetrado” ou “Mosto concentrado rectificado” aparecerá tamén o campo de concentración




E se escollemos “Augardente / Alcohol vínico non rectificado” tamén teremos que escoller o tipo de alcohol e o grao




O botón Atrás lévanos de volta a pantalla coa lista dos asentos de procesos de elaboración sen crear un novo asento.

O botón Crear engade un novo asento en base ós datos introducidos no formulario.

Nos asentos de saída, no apartado de "Destino" amosaranse os seguintes campos




Se en "Destino", no seleccionable podermoe escoller USO ou VENTA, se escollemos venta amosaranse os seguintes campos




O formulario componse dos seguinte valores, algúns son seleccionables e outros de entrada de texto:

- **Razón social**: nome ou razón social da procedencia de procedencia ou destino do produto.
- **Dirección** : dirección da procedencia ou destino do produto.
- **Data**: data de procedencia ou destino do produto.
- **Proceso**: proceso empregado.
- **Cantidade ou Volume (Proceso)**: cantidade empregada, segundo o produto seleccionado pode ser cantidade en KG ou volume en L.
- **Concentración**: concentración do proceso, para os mostos
- **Tipo alcohol**: tipo de alcohol empregado no proceso.
- **Grao**: graduación alcohólica do tipo de alcohol empregado no proceso.

# Importación de asentos de movemento de produtos

## Asento de movemento de produtos

Para a importación de asentos de movemento de produtos mediante a plantilla proporcionada deberanse cubrir os campos cos valores correspondentes. O formato do ficheiro que se vai a importar debe ser o mesmo ca o da plantilla descargada (csv).

<u>Consideracións previas:</u>

a) Se queremos cubrir a plantilla utilizando **LibreOffice Calc** debemos ter en conta:

1.- Escoller correctamente a configuración inicial de codificación e separadores




2.- Ao cubrir os campos, dependendo da nosa configuración do progama, pódensenos substituír datos automáticamente, por outros que non serán válidos para a importación. Por exemplo:

- Na columna *DATA* introducimos 10/10/2020 e cámbiasenos a 10/10/20
- Na columna *TIPO_LIBRO* introducimos de ES_2 e cámbiasenos a ES$_2$

Para solucionar este problema seleccionamos '*Herramientas*' > '*Opciones de autocorrección*' > '*Opciones*' e desmarcamos o check '*Usar tabla de sustituciones*'

b) Permitir ceros ('0') á esquerda de datos de tipo numérico: É posible que precisemos intoroducir códigos que comecen polo número 0 (ex: 00054819). Tanto Excel como LibreOfficeCalc borrarán por defecto estes ceros á esquerda ao establecer que a celda é de tipo numérico. Para evitar isto seleccionamos a celda correspondente, click dereito, 'Formato de celdas' e escollemos a opción 'Texto'.







*Campos obrigatorios: MOVEMENTO, CAMPANHA, REFERENCIA_MOVEMENTO, DATA, DESTINO, PROCESO e CANTIDADE.*

A continuación especifícanse os posibles valores de cada campo ou unha breve explicación para os de entrada libre:

- **MOVEMENTO :** E para as entradas e S para as saídas
- **CAMPANHA**: indica a campaña, empregarase a campaña correspondente, por exemplo 2018-2019.
- **REFERENCIA_MOVEMENTO**: número de referencia do movemento.
- **DATA**: data de procedencia do produto, exprésase no formato dd/mm/aaaa, por exemplo 16/02/2019.
- **DESTINO:** para os asentos con movemento S, de saída, escoller entre USO ou VENTA
- **RAZÓN_SOCIAL**: nome ou razón social, obrigatorio para os asentos de saída, con destino VENTA.
- **DIRECCION**: dirección do produto (máximo 100 caracteres).
- **PROCESO**: proceso empregado (empregarase o código correspondente)

| Código (valor a empregar) | Descrición galego | Descrición castelán |
|---|---|---|
| 1 | Sacarosa | Sacarosa |
| 2 | Mosto concentrado | Mosto concentrado |
| 3 | Mosto concentrado rectificado | Mosto concentrado rectificado |
| 4 | Ácido tartárico (acidificación) | Ácido tartárico (acidificación) |
| 5 | Ácido L-málico | Ácido L-málico |

| | | |
|---|---|---|
| 6 | Ácido láctico | Ácido láctico |
| 7 | Tartrato neutro de potasio | Tartrato neutro de potasio |
| 8 | Bicarbonato de potasio | Bicarbonato de potasio |
| 9 | Carbonato de calcio | Carbonato de calcio |
| 10 | Tartrato de calcio | Tartrato de calcio |
| 11 | Ácido tartárico (desacidificación) | Ácido tartárico (desacidificación) |
| 12 | Augardente / Alcohol vínico non rectificado | Aguardiente / Alcohol vínico no rectificado |

- **CANTIDADE**: cantidade do produto.
- **CONCENTRACION**: concentración do mosto.
- **ALCOHOL_TIPO**: tipo de alcohol empregado para o proceso Augardente / Alcohol vínico non rectificado. Empregarase o código correspondente.

| Código (valor a empregar) | Descrición galego | Descrición castelán |
|---|---|---|
| 1 | Alcol vínico | Alcohol vínico |
| 2 | Destilado orixe agrícola | Destilado origen agrícola |
| 3 | Outros | Otros |

- **ALCOHOL_GRADO**: graduación alcohólica do tipo de alcohol empregado para o proceso Augardente / Alcohol vínico non rectificado
- **OBSERVACIONES**: observacións do asento (máximo 100 caracteres)